

A Lenda de Pena Longa (San Martiño de Asperelo, Rodeiro)

En torno a esta pena, que está nos límites de Barrio de San Martiño de Asperelo, circula unha lenda. Os veciños da zona din que a dona da Casa do Corzo (casa potente no momento) foi levar o seu gando ao monte cando atopou cunha mouroa chea de xoias. A dona acercouse a carón dela e díxolle: “*Déame vostede da súa riqueza e eu dareille da miña pobreza*”. A mouroa contestoulle: “*Polo puño ou polo ferrado*”. A dona, que era moi avarenta, díxolle que “*polo ferrado*”, consciente de que a cantidade ía ser máis grande. A mouroa respondeulle que non había inconveniente, pero que tería que ir á casa polo ferrado, xa que ela non o tiña. A dona da Casa do Corzo voltou axiña co ferrado, pero alí xa non había ningunha mouroa agardando.

Relator: **Manolo Aguiar, de Barrio** (Asperelo, 2005).